Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

# BASES PARA PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL DA ASOCIACIÓN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) A MARIÑA ORTEGAL

A Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro(GALP) A Mariña-Ortegal por acordo da súa Xunta Directiva, en data 25 de xaneiro de 2021 elixiu a Comisión de Selección de Persoal, que está composta polos seguintes membros:

- D. Javier Martínez Otero_Presidente do GALP_Representante do Sector Pesqueiro.
- D. José Basilio Otero Rodríguez_Representante do Sector Pesqueiro.
- Dª. Cristina Trasancos Polo_ Representantante do Sector Pesqueiro
- D. Ramón Rivas Villares_ Representante do Sector Social
- D. José Antonio García Fernández_ Representante do Sector Social.
- D. Jesús Fernández Fernández_ Representante do Sector Social.
- D. José Manuel González López_ Representante do Sector Económico
- D. Juan José Huerga Álvarez_ Representante do Sector Económico
- D. José Miguel Alonso Pumar_ Representante do Sector Público
- D. Pablo Diego Moreda Gil_ Representante do Sector Público
- D. Alfredo LLano García_ Representante do Sector Público

Ao carecer o GALP A Mariña-Ortegal de medios materiais e persoais para a xestión do concurso para selección de xerente, consonte á normativa que rexe a contratación da asociación establecida no Convenio de colaboración coa Consellería do Mar, decidiuse externalizar na empresa **LUCUS LEX ABOGADOS S.L.P.** a xestión do mesmo

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

En todo caso, o GALP A Mariña-Ortegal, a través da súa presidencia, poderá inspeccionar e impartir instrucións á empresa que xestione o concurso para un mellor desenvolvemento deste, podendo requirir, en calquera momento, a información que estime oportuna que deberá ser subministrada de inmediato pola mesma.

Por acordo desta Comisión de Selección de Persoal, en reunión celebrada o 30 de setembro de 2022, dispúxose convocar unha praza de xerente de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

***PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.***

O obxecto da presente convocatoria é a provisión do posto de xerente do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal (en adiante, GALP A Mariña-Ortegal), mediante o procedemento de concurso.

O proceso de selección constará de dúas fases:

- Unha primeira fase de valoración de méritos que será eliminatoria
- Unha segunda fase consistente nunha entrevista

O contrato será a tempo completo, baixo a modalidade de eventual por circunstancias da produción**,** ó abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, (EDLP) no marco do Desenvolvemento Sostible das Zonas e Pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, (FEMP), 2014-2020.

As funcións do posto de traballo obxecto da convocatoria son:

- Dirixir e coordinar ao equipo técnico

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

- Organizar estratexias e consecución dos obxectivos que planifiquen os órganos do GALP A Mariña-Ortegal
- Dinamizar e xestionar os expedientes de subvencións
- Asesorar sobre necesidades de financiamento de proxectos enmarcados no FEMPA
- Informar e prestar asesoramento ás persoas e entidades promotoras
- Captar e analizar iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos , mobilizando e dinamizando sectores de poboación, particulares, empresas e emprendedores.
- Analizar e avaliar os proxectos presentados, elaborar informes respecto ás iniciativas e seguimento das certificacións.
- Informar á Xunta Directiva sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo técnico.
- Dinamizar colectivos para a posta en marcha de proxectos conxuntos
- Responsabilizarse da consecución dos obxectivos marcados pola EDLP
- Realizar o seguimento e a avaliación da EDLP
- Control e seguemento dos proxectos financiados e do cumprimento das obrigas por parte dos beneficiarios, dacordo coas directrices establecidas pola autoridade de xestión
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou a Presidencia do GALP A Mariña-Ortegal , así como as actuacións previstas no FEMP que marque a Consellería do Mar.

***SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.***

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

- **Denominación.-** Xerente.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

- **Titulación.-** Titulación mínima de Grao ou Licenciatura Universitaria en Administración e Dirección de Empresas (ADE), Economía, Xestión e Administración Pública, Dereito, Bioloxía ou Ciencias do Mar.

- **Réxime de contratación**.- Contratación laboral séndolle de aplicación as fontes de ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.

- **Retribución bruta anual**.- Será a que figure nos orzamentos do GALP, dentro dos límites establecidos na cláusula 16.3.a) 1º do Convenio de Colaboración asinado entre o GALP e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia

- **Duración do contrato.-** Quedará supeditada á implementación da totalidade da aplicación da EDLP do FEMP 2014-2020, do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal e da Addenda ao mesmo. Podendo resultar prorrogado sempre que as necesidades produtivas e orzamentarias o permitan.

- **Modalidade de contratación**.- O contrato será a tempo completo, baixo a modalidade de eventual por circunstancias da produción ó abeiro do Artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores; entendéndose por circunstancias da produción o incremento ocasional e imprevisible ou previsible da actividade do GALP.

- **Centro de traballo**.- O centro de traballo estará ubicado na sede do GALP (Rúa Misericordia, 35, baixo , Viveiro)

- **Xornada.-** A establecida polo GALP A Mariña-Ortegal.

***TERCEIRA.- REQUISITOS.***

Poderán tomar parte no proceso de selección todas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

a) Ser natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de Grao ou Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (ADE), Economía, Xestión e Administración Pública, Dereito, Bioloxía ou Ciencias do Mar.

d) Experiencia mínima de 9 meses traballando en dirección ou xestión de programas de desenvolvemento local, mariño ou outros nos que interveñan fondos europeos.

e) Posuír mínimo o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

g) Dispoñibilidade de vehículo.

h) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.

i) Non estar incurso en causa de incompatibilidade, segundo a lexislación vixente.

j) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

o exercicio das funcións públicas. Os/as aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena pena, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

k) Dispoñibilidade horaria.

l) Dedicación exclusiva

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e durante o período de vixencia do contrato.

***CUARTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES.***

4.1.- A convocatoria publicarase na prensa escrita de maior tirada na zona pesqueira e da provincia, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP A Mariña-Ortegal, no taboleiro de anuncios da sede do GALP, na páxina web que estableza a Consellería do Mar, (para a cal lle enviará unha comunicación do anuncio), así como na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (www.galp.xunta.gal) , co obxecto de darlle a máxima difusión.

4.2.- As bases polas que se rexerá a selección e posterior contratación do persoal do GALP A Mariña-Ortegal poderán ser consultadas na páxina web: www.galp.xunta.gal ou chamando o teléfono: 982 242 309 en horario de 09:30 a 14:00 horas ou de 17:00 a 19:00 de luns a venres.

4.3.- As persoas que desexen participar no concurso deberán facelo constar nunha solicitude que poderá presentarse no modelo normalizado de instancia para a inscrición no concurso que se achega como **Anexo 1.** A participación no proceso selectivo será gratuíto.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

4.4.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira, estarán dirixidas ao **Sr. Presidente do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal** e presentarase ben presencialmente, ben por correo ordinario certificado ao rexistro do GALP ou en sobre pechado nas oficinas da empresa encargada de velar polas garantías do procedemento:

**LUCUS LEX ABOGADOS, S.L.P.**

**San Roque, 26**

**27002 Lugo**

En horario de 09:30 a 14:00 horas ou de 17:00 a 19:00 de luns a venres.
Naqueles casos nos que a presentación se faga por correo ordinario certificado, deberase xustificar a súa presentación mediante o envío de copia selada por electrónico lucuslexabogados@lucuslexabogados.com antes das 14:00 horas do último día do prazo de presentación.
O cotexo da documentación pode realizarse, tanto na oficinas do GALP A Mariña-Ortegal como na oficina encargada de velar polas garantías do proxecto Lucus Lex Abogados, S.L.P.

As solicitudes serán presentadas no prazo máximo de 15 días hábiles, contados dende a última publicación nos medios indicados na Base 4.1. (considerándose esta a da publicación na web do GALP A Mariña-Ortegal : www.galp.xunta.gal ) debendo realizarse segundo o modelo que se xunta como ANEXO 1 ás presentes bases.

4.5.- A instancia - solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

a) Copia cotexada do D.N.I. (O GALP A Mariña-Ortegal resérvase o dereito de solicitar en calquera momento do proceso o documento orixinal)
b) Copia cotexada do permiso de conducir.
c) Copia cotexada da titulación requirida.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

d) Copia cotexada o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
e) Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
f) Copia cotexada dos xustificantes dos méritos alegados.
g) Copia cotexada do informe de vida laboral e contratos.
h) Declaración responsable de dispoñibilidades de vehículo.
i) Declaración responsable de non estar incurso nas causas de incompatibilidades aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
j) Declaración responsable a de non estar incurso en causas de incapacidade, nin ter sido declarado en tal situación, segundo a lexislación vixente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercizo da súa capacidade xurídica.
k) Declaración responsable de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
l) Declaración responsable de que no caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva.

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección.

Asemade da documentación esixida para ser admitido/a, os/as aspirantes deberán de presentar na mesma data:

- A documentación acreditativa dos méritos e da experiencia que aleguen para a súa avaliación.

A documentación acreditativa deberá de estar vixente, e por ende desplegar todos os seus efectos, á data indicada na Base 4.3 anterior e ó longo de todo o proceso selectivo.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

As persoas aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude.

4.6.- Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días hábiles** (de luns a venres, excluídos festivos) contados dende a última publicación nos medios indicados na base cuarta.

***QUINTA.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO***

5.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias en no período máximo de 5 días naturais, publicarase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas con respecto á documentación esixida, que será publicada nos taboleiros de anuncios dos concellos que forman parte do GALP A Mariña-Ortegal e na web www.galp.xunta.gal, indicando as causas de exclusión e concedendo un **prazo de dous días hábiles** para subsanación de defectos.

De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta na forma indicada anteriormente.

Conxuntamente coa lista definitiva de persoas admitidas e excluídas publicarase a data, hora e lugar da entrevista

De non existir persoas excluídas na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, esta omitirase elevándose dita lista a definitiva.

Os erros de feito, poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición da persoa interesada.

5.2.- Comisión de Avaliación:

Estará constituída pola Comisión de Selección elixida en Xunta Directiva da seguinte forma:

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

- D. Javier Martínez Otero (Presidente do GALP A Mariña-Ortegal)
- D. José Basilio Otero Rodríguez.
- Dª. Cristina Trasancos Polo
- D. Ramón Rivas Villares
- D. José Antonio García Fernández
- D. Jesús Fernández Fernández
- D. José Manuel González López
- D. Juan José Huerga Álvarez
- D. José Miguel Alonso Pumar
- D. Pablo Diego Moreda Gil
- D. Alfredo LLano García

A Comisión no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, adoptándose as decisións pola maioría dos membros presentes na elección, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso, ou estar representado pola Vicepresidencia, en caso de ausencia ou enfermidade.

As persoas membros da Comisión de Selección deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria. No obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

5.3.- Procedemento de selección

Consistirá nunha primeira fase de concurso de méritos e unha segunda fase de entrevista
A puntuación máxima das dúas fases, será de 100 puntos, coa seguinte distribución:

1. Fase de concurso de méritos: 70 puntos
2. Fase entrevista: 30 puntos

A fase de concurso de méritos terá carácter eliminatorio, establecendo unha puntuación mínima para pasar á fase de entrevista.
Esta fase valorarase ata un **máximo de 70 puntos**, para superar esta fase deberán obterse como mínimo **35 puntos.**
Os méritos alegados polos solicitantes deberán referirse sempre a datas anteriores á data de finalización do prazo de presentación de instancias e deberán acreditarse mediante a presentación da documentación pertinente.
En ningún caso, se valorarán méritos non alegados ou non acreditados documentalmente en prazo.
A Comisión de Selección, na reunión que se convoque ao efecto, revisará a valoración realizada pola asistencia técnica dos méritos aducidos polas persoas candidatas e as calificacións, que atenderán ao seguinte baremo:

**Experiencia – 40 puntos**

Servicios prestados en materia de desenvolvemento local, mariño ou outros nos que interveñan fondos europeos- Máximo 25 puntos

- De 9 meses (requisito mínimo) a 1 ano: 8
- De 1 ano a 2 anos: 13
- De 2 a 3 anos: 20
- Máis de 3 anos: 25

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

Servizos prestados como directivo/xerente en administraciós públicas (materias distintas a desenvolvemento local) ou empresas privadas (materias distintas a desenvolvemento local)- Máximo 15 puntos

- De 1 mes a 1 ano: 5
- De 1 ano a 3 anos: 8
- De 3 a 5 anos: 10
- Máis de 5 anos: 15

**b) Formación – 30 puntos**

Valoraranse de forma obxectiva os méritos aportados pola persoa candidata: a titulación presentada como requisito mínimo obligatorio para a convocatoria (estar en posesión do título de Grao ou Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (ADE), Economía, Xestión e Administración Pública, Dereito, Bioloxía ou Ciencias do Mar) non se puntuará neste apartado por ser un requisito de aceso ao posto, so se terán en conta as titulacións adicionais.

**Titulación académica- Máximo 5 puntos**

- Licenciatura ou Grado + máster (relacionado coas funcións do posto de traballo) - 3 puntos
- Diplomatura ou Grado- 2 puntos
- Master relacionado coas funcións do posto de traballo – 2 puntos

**Idiomas comunitarios- Máximo 5 puntos(a maiores do castelán ou, no seu caso, do idioma nativo do aspirante)-**

- Nivel B1 – 1 punto
- Nivel C1 - 2 puntos
- Nivel C2 – 3 puntos

** Os títulos de idiomas comunitarios deben ser expedidos pola Escola Oficial de Idiomas ou organismo competente e autorizado. Os puntos otorgaranse polo idioma/s dos que se poida amosar o nivel adquirido coa titulación competente (únicamente se valorará o nivel máis algo de coñecemento do idioma)*

**Formación complementaria- Máximo 20 puntos**

*(cursos de formación complementaria relacionados co posto a cubrir. Soamente computarán os cursos superiores a 30 horas, podendo computar os cursos de idiomas non valorados no apartado anterior)*

- De 31 a 59 horas de formación 0,5 puntos
- De 60 a 79 horas de formación 1 puntos
- Igual o más de 80 horas de formación 2 puntos

Unha vez rematada esta fase, a empresa encargada da xestión do concurso remitirá á Comisión de Selección, para a súa aprobación, no seu caso, e posterior remisión e publicación na páxina web do GALP A Mariña-Ortegal, nos apartados anteriormente citados, así como para a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede do GALP o resultado da primeira fase do concurso, indicando detalladamente, para cada un dos/das aspirantes admitidos, a puntuación obtida nos apartados de valoración da experiencia profesional e de formación, establecendo a orde de clasificación acadado.

A lista de aspirantes coas publicacións obtidas na primeira fase no concurso publicarase nos lugares xa indicados e os/as interesados/as poderán presentar reclamacións contra as puntuacións da primeira fase do concurso no prazo de 2 días hábiles mediante escrito indicando os motivos da súa reclamación. Dito escrito haberá de ser presentado, necesariamente, por correo electrónico no enderezo lucuslexabogados@lucuslexabogados.com. A resolución das posibles reclamacións notificarase individualmente aos interesados, pola empresa encargada da xestión do concurso, ben por correo electrónico e, no seu defecto, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede do GALP no prazo máximo de 3 días naturais.

Unha vez rematada esta fase, e sempre que teñan existido reclamacións, a empresa encargada da xestión do concurso remitirá á Comisión de Selección do GALP, para a súa aprobación, e no seu caso, publicación na páxina web do GALP A Mariña-Ortegal, nos apartados anteriormente citados, así como para a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede do GALP, o resultado da primeira fase do concurso indicando detalladamente, para cada un dos/das aspirantes admitidos, a puntuación obtida nos apartados de valoración da experiencia profesional e de formación, establecendo a orde de clasificación acadado.

**c) Fase 2: Entrevista persoal**

Os/as aspirantes que acaden a maior puntuación na Primeira Fase serán convocados/as pola Comisión de Selección para a realización dunha entrevista persoal.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

A convocatoria para a entrevista persoal dos/das aspirantes que obtiveran a puntuación mínima na primeira fase publicaranse na páxina web do GALP A Mariña-Ortegal, nos apartados anteriormente citados, así como para a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede do GALP, será realizada mediante correo electrónico individualizado remitido a cada un deles pola Comisión de Selección do GALP, agás, que este non se sinalase na solicitude; así como mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios da de sede do GALP.

Este anuncio publicarase unha vez transcorrido o prazo de reclamacións e, en todo caso, unha vez que estean resoltas pola empresa encargada da xestión do concurso as reclamacións que se tiveran presentado.

Quedarán excluídos/as do concurso aqueles/as aspirantes que non compareceran á entrevista. Entre a convocatoria e a realización da entrevista deberá mediar un **mínimo de dous (2) días hábiles**. Os aspirantes deberán asistir á entrevista provistos do seu DNI e serán chamados por orde alfabético do seu primeiro apelido.

Na entrevista persoal de selección na que se valorará, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, así como o coñecemento dos Estatutos do GALP A Mariña-Ortegal, os seus órganos directivos e o réxime de persoal e contratación; o seu obxecto social e actividades; as funcións do GALP “A Mariña-Ortegal”, no procedemento de concesión, seguimento, control e xustificación das axudas do FEMP establecidas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia, etc; sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de **30 puntos** e non terá carácter eliminatorio.

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro da comisión de selección será de 0,0 a 30,00 puntos. A cualificación final do exercicio será a suma de todas as cualificacións outorgadas polos membros da comisión, dividida polo número de membros que teñan puntuado.

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

5.4 Condicións xerais:

Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado nas bases. A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ao proceso de selección.

***SEXTA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA***

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das dúas fases. En caso de empate, desfarase optando pola persoa que tivera alcanzado mellor puntuación na fase de concurso de méritos. De persistir o empate, optarase pola persoa con maior cualificación na fase de entrevista.

En todo caso, non poderán ser seleccionadas mais persoas que os postos a cubrir, ou sexa, unha.

***SÉTIMA.- ACTUACIÓN DE ASPIRANTES***

A orde de actuación de aspirantes na segunda fase, será por orde alfabético de primeiro apelido. As persoas aspirantes serán convocadas, provistas de DNI en chamamento único. A non presentación da persoa aspirante ao exercicio da primeira e segunda fase no momento do seu chamamento, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, producíndose a súa exclusión, en consecuencia, do proceso selectivo.

***OITAVA.- RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABALLO***

8.1.- Finalizada a cualificación das persoas aspirantes, o Comité de selección publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, resultando seleccionada a persoa con maior nota acadada na suma de ambas fases

De existir empate entre aspirantes, este dirimirase a favor da/o aspirante que acadase maior puntuación na Primeira Fase do concurso e, para o caso de persistir o empate, dirimirase a

Rúa Misericordia, nº 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

favor do/a aspirante que acredite ter máis servizos prestados en entidades de xestión de estratexias de desenvolvemento, local participativo na categoría de administrativo ou técnico administrativo.

8.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá a persoa interesada comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día indicado polo contratante. Asemade o/a aspirante seleccionado deberá facer unha declaración por escrito na que conste que non está incurso/a nos casos de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando incorporado ao seu expdiente persoal na sede do GALP.

8.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, procederase pola Presidencia da Asociación GALP A Mariña-Ortegal a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes .

***NOVENA.- NORMA FINAL***

Os procedementos establecidos nas bases, así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Comité de selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

En Viveiro, a 5 de outubro de 2022

77597077E JAVIER MARTINEZ (R: G27386192)

Firmado digitalmente por 77597077E JAVIER MARTINEZ (R: G27386192)
Fecha: 2022.10.05 12:18:29 +02'00'

Asdo: D. Javier Martínez Otero
Presidente do GALP A Mariña-Ortegal